



CADA VEZ QUE
ADQUIRE ou UTILIZA
UN PRODUTO DE CONSTRUCCIÓN

ILEGAL...

... SÍ QUEDAN AS SUAS
RESPONSABILIDADES,
DEREITOS E GARANTÍAS

1

Está alterando a calidade da obra e defraudando os seus titulares

Os produtos de construcción que non cumpren co Regulamento de produtos de construcción (305/2011) son ilegais, carecen de todo control técnico e non acreditan o cumprimento dos requisitos de calidade que esixe a lexislación, o que altera as calidades dos materiais e da obra onde se empregan e cométese unha fraude aos titulares. Se, ademais, a obra é de titularidade pública, os titulares defraudados somos todos os cidadáns.





2

Está poñendo en perigo a saúde dos titulares e usuarios das obras

Os produtos de construción ilegais non teñen garantías de que non emitan substancias tóxicas ou perigosas para a saúde humana, polo que representan unha ameaza potencial para os titulares e os usuarios.

3

Está arriscando a seguridade da obra e dos seus usuarios

O cumprimento da lexislación de produtos de construción é a que garante que a obra será segura ao longo de toda a súa vida útil, mesmo fronte a accidentes (incendios, esvaróns, derrapaxes de coches por asfalto en mal estado...), catástrofes naturais (terremotos, inundacións etc.) ou outros. Non xogue coa vida das persoas!



4

Está renunciando aos seus dereitos como consumidor e aos dos titulares da obra

Un produto ilegal non ten os elementos de información obrigatorios sobre uso, prestacións e propiedades, nin tampouco garantía ningunha de devolución ou restitución no probable caso de ser defectuoso.

5

Está consentindo que o "estafen" a vostede e ao titular da obra

Os produtos de construción ilegais que, aparentemente, son máis baratos, son en realidade moi caros, xa que son de ínfima calidade e carecen de calquera tipo de garantía. O maior custo posterior de mantemento fará que, finalmente, o barato saia caro. Se vostede usa eses materiais para unha obra que non é da súa propiedade, "está a estafar" os seus titulares a sabendas, en beneficio seu. Se a obra é pública, saiba vostede que "está a estafar" a todos os cidadáns.



6

Está ocasionándolle un dano á durabilidade futura da obra e un quebranto económico futuro para o seu titular

Unha obra de baixa calidade é unha obra que dura menos do previsto e que entón require un maior gasto de mantemento no futuro. Tamén terá un maior gasto enerxético. A alteración das calidades polo construtor para aumentar os seus beneficios, é a custa do futuro propietario ou titular.



7

Está colaborando cunha actividade que deteriora o ámbito e a calidade de vida

As empresas que fabrican produtos de construción á marxe da lei, incumpren sistematicamente coas súas obrigas de protección do medio e deterioran o ámbito. Poña o seu gran de area para axudar a coidar o medio!



8

Está a contribuír á destrución de empresas e empregos

Xérase competencia desleal que causa, directa e indirectamente, o peche de empresas de produtos de construción que se ven prexudicadas, coa conseguinte perda de postos de traballo.

9

Está fomentando a comisión de actividades fraudulentas e favorecendo os que "xogan" fóra da lei

Quen compra e usa produtos de construción ilegais vulnerando a lexislación vixente, é colaborador necesario dunha fraude, altera as condicións de libre competencia, contribuíndo ao enriquecemento ilícito desas empresas.



10

Está fomentando e aprobando a fraude á Facenda Pública e á Seguridade Social

Está demostrado que as empresas que vulneran a legalidade, por sistema, tamén defraudan a Facenda Pública e a Seguridade Social, eludindo toda clase de impostos e cotizacións, coa conseguinte repercusión negativa para o interese xeral e, polo tanto, para o de cada un dos cidadáns.



11

Está a enganar as empresas de seguros

As maioría das obras de construción requiren dun seguro ao longo da súa vida útil, fronte a defectos construtivos, problemas derivados do seu uso etc. Se a obra foi construída con produtos de menor calidade, estase a defraudar as empresas de seguros.





12

Está a contribuir a un roubo a todos os cidadáns

No caso dos produtos de construción de orixe mineral, como os áridos, as arxilas etc., o Estado e, polo tanto, todos os cidadáns somos propietarios destes recursos naturais. A súa extracción ilegal, supón un roubo a todos nós, para enriquecemento duns poucos.

13

Está asumindo unhas responsabilidades que poden ser perseguibles penalmente

O descoñecemento non o exime das súas responsabilidades. Valore se está disposto a asumir as culpas polos delitos e faltas anteriormente expostos.



Se vostede é promotor ou titular dunha obra...
... Esíxalle ao construtor
produtos de construción
legais!
NON DEIXE QUE O ENGANEN!



ÁRIDOS CON MARCADO CE



FEDERACIÓN DE ÁRIDOS | FdA



ASOCIACIÓN GALEGA DE ÁRIDOS

R/ Agro da Vella, 3 1º C
15895 Milladoiro-Ames | A coruña
981 535 602
aga@aridos-galicia.com
www.aridos-galicia.com